

ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO SECTOR COMERCIAL NA LIMIA

O alumnado de 4º da ESO abordou a 1ª fase do plan de normalización da comarca da Limia efectuando, previas nocións de sociolingüística impartidas dende o currículo de Lingua e Literatura Galegas (conceptos como lingua minorizada, autoodio, diglosia, desgaleguización, normalización lingüística...), unhas enquisas por grupos en diferentes comercios dalgunhas poboacións da bisbarra. Nestas formuláronse preguntas sobre a competencia e hábitos lingüísticos orais e escritos tanto no ámbito privado coma no (negocio) público. Tamén se lles preguntaba se estaban dispostas a mudar de hábitos e empregar máis o galego no seu negocio se se lles proporcionaba vocabulario e documentos para tal efecto. O modelo de enquisa adxúntase como anexo.

Unha vez realizadas as enquisas procedeuse á extracción de datos e logo facer unha valoración global que permita planificar estratexias de normalización a través dunhas propostas concretas de actuación.

Realizáronse 37 enquisas na vila de Xinzo da Limia e 19 no resto cos concellos da comarca, sumando 56 en total.

Vila de Xinzo

Na vila de **Xinzo de Limia** realizáronse enquisas a 35 comercios de diferente índole: tendas de agasallos, panaderías, supermercados, mercerías, perruquerías, cafeterías e ferreterías.

A maior parte dos negocios son atendidos polos mesmos propietarios. Destes o 77,2% das persoas empregan o galego nos rótulos e o 75% usa o galego como lingua de relación coa clientela, un 8% depende da lingua en que

Ile falen e o 17% usa o castelán como lingua de relación comercial. Desta porcentaxe (7 casos) 5 persoas estarían dispostas a aumentar o seu uso sempre e cando se lles facilitase información. Só 2 son de fóra de Galiza pero, curiosamente, son os que amosan unha actitude favorable a mellorar esta situación se se lle proporcionan mecanismos para iso. 1 persoa declara unha actitude favorable ao cambio pero cando se lle ofrece a fórmula rectifica, incorrendo nunha contradición. 2 persoas confesan que usan o galego como lingua maioritaria e que depende o seu uso da clientela (Movistar e Mercería). Algúns negocios levan o nome en galego pero logo o demais realízano en castelán (Feito, comidiñas para levar, Miudallo). Só 4 confesan non querer mudar de hábitos aínda que lles facilitase instrumentos. Cómpre destacar a posición ríxida dunha perruquería "moderna" que di estar sometida ás preferencias da clientela, evidenciando prexuízos cara á lingua.

Canto aos usos orais, poucas persoas manifestan hábitos lingüísticos diferentes cando fala cos fillos ou cos pais. O 65% fala en galego cos fillos, o 27% en castelán e o 8% restante nas dúas linguas. Cos pais o 73% admite empregar o galego e segue a ser o 27% o que utiliza o castelán.

Canto á comprensión e expresión escritas as respostas varían. A tendencia invírtese lixeiramente na lingua en que se le maioritariamente, un 52% confesa ler só en castelán e o 48% restante declara ler nas dúas linguas indistintamente. Con respecto á expresión escrita os hábitos iguálanse, o 50% usa o galego e o outro 50% o castelán, declarando posuír máis competencia lectora e escrita en castelán.

No resto da comarca

No resto da comarca aumenta o uso de galego como lingua de relación coa clientela ata un 84% (só unha persoa confesa empregar o galego ou o

castelán dependendo da lingua do cliente) fronte a un 14% de uso en castelán.

No municipio de **Vilar de Barrio** realizáronse 3 enquisas, a 2 bares e 1 supermercado, os cales confesan usar sempre o galego (100%) tanto nos usos orais coma escritos e tanto no ámbito público (nos negocios que rexentan) coma privado.

No concello de **Baltar**, realizáronse 2 enquisas, 1 bar e 1 panadería, tamén utilizan o galego para todo (100%). Dáse o paradoxo de que o propietario do bar declara non estar disposto a mellorar o galego porque, alega, ten moitos clientes estranxeiros??

No municipio de **Sandiás**, entrevistadas as persoas que dirixían unha farmacia e un negocio de hostalaría, manifestan uns hábitos monolingües en galego (100%).

En **Vilar de Santos** foron realizadas 3 enquisas a 3 supermercados, un deles amosa unha actitude monolingüe, outro maioritaria en galego e o terceiro ten en galego a cartelería pero atende en castelán. Os tres manifestan unha actitude favorable á mellora do galego nos negocios.

En **Rairiz de Veiga** realizáronse 2 enquisas a dúas persoas, unha rexenta unha panadería e a outra unha perruquería. As dúas son monolingües en galego (100%) e úsano para todo, tanto no ámbito privado coma público. A actitude é plenamente favorable.

En **Sarreaus** efectuáronse enquisas a 5 negocios, 2 de hostalaría, 1 supermercado e 1 zapatería. Deles 3 decláranse monolingües en galego, o xerente do banco muda de idioma en función do cliente e a persoa que rexenta un mesón usa só o castelán. Estes dous primeiro amosan unha actitude receptiva á posibilidade de mudar de hábitos pero logo, cando se lle ofrecen mecanismos efectivos, mudan de parecer, incorrendo en contradicións.

En **Porqueira** realizóuselle unha enquisa a unha tenda de comestibles que confesou usar só o castelán alegando a súa procedencia non galega.

Nos Blancos unha tenda non posúe os carteis en galego pero logo atende a clientela en galego. Descúlpase da súa negativa a cambiar pola dificultade que lle supón a aprendizaxe do galego normativo.

Análise sociolingüística

Con respecto á **competencia lingüística**, na vila de Xinzo o 55% das persoas considéranse moi competentes en comprensión e expresión oral, o 28% pouco ou nada e o 17% restante regular. Canto á competencia escrita a tendencia invírtese, pois só o 15% se considera competente fronte a un 38% nada e un 47% regular. Nos concellos da comarca, o 47% considérase competente no galego oral, o 10,5% nada competente e o 44,5% restante regular. Canto á competencia escrita, só o 21% considera que ten un bo nivel, un 37% di carecer de competencia e o 42% restante declara posuír unha competencia media.

Con respecto aos hábitos lectores, o 49% das persoas entrevistadas le só en castelán, un 46% nas dúas linguas, un 2,5% máis en galego e outro 2,5% máis en castelán.

Valoración

O proceso de desgaleguización na comarca percíbese nalgúñas actitudes e hábitos lingüísticos diglósicos no ámbito familiar, ao detectarse unha **leve fisura na transmisión xeracional**. Os máis novos falan máis castelán e algúns pais galego-falantes comunícanse cos fillos en castelán, aínda que seguen a ser unha minoría. O que si é evidente é unha presenza de hábitos diglósicos na relación propietario-cliente, aínda que tampouco é esta moi acusada.

Percíbese unha lixeira diferenza entre o sector da vila e doutros concellos da bisbarra, usándose nestes máis o galego ca o castelán na relación cos clientes. No hábitat rural o galego está máis arraigado.

Tamén se constata unha **maior presenza do castelán en negocios de certo "prestixio" social** ou negocios asociados á modernidade, como son bancos e perruquerías modernas, fronte a unha maior presenza do galego nos negocios familiares e tradicionais. O uso do castelán aparece vinculado ao status e á modernidade, polo xeral.

Con respecto ao código algunhas persoas manifestan unha **actitude de rexeitamento ao galego normativo**, se cadra empregándoo como escusa á hora de mudar hábitos.

Canto á competencia, **o dominio oral é ben superior ao escrito**, cuns gráficos invertidos que responden á non escolarización ou escolarización en castelán da poboación máis vella. Precisamente esta última, xunto coa entrada dos medios de comunicación de masas nas casas, converteuse nun

potente factor castelanizador. Cómpre precisar que a enquisa non é un mecanismo adecuado para anlizar, dende a obxectividade, o grao de dominio sobre a lingua pois só se limita a rexistrar as ideas e crenzas que as persoas entrevistadas teñen sobre esa cuestión, moitas veces falsa e, polo tanto, pouco fiable. O mecanismo ideal sería empregar gravacións e textos escritos de onde se poderían extraer datos obxectivos sobre o nivel de comprensión e expresión oral e escrita.

Respecto aos prexuízos, a súa presenza é mínima, case anecdótica, aínda que cómpre ter en conta que as enquisas non eran anónimas e foron realizadas polo alumnado, persoas coñecidas polos entrevistados, o cal pode supor que as actitudes amosadas se suavizasen.

Necesidades

Aínda que o galego na Limia, polo de agora, parece gozar de perfecta saúde, vemos a necesidade de potenciar o galego en diferentes aspectos:

- No ámbito dos prexuízos: por unha banda, cómpre abordar e combater as actitudes prexuízosas cara ao galego, produto do conflito lingüístico, e tratar de evitar a deserción lingüística que provocaría a ruptura da transmisión xeracional e o abandono da lingua. Por outra é preciso aumentar a autoestima e a valoración cara á lingua dos galego-falantes e non galego-falantes, asociándoa con todo tipo de realidades e non só tradicionais e rurais.
- No ámbito da competencia: crear canles para favorecer o incremento da competencia, como fomentar a lectura en galego.
- No ámbito laboral: potenciar o uso do galego tanto escrito coma oral.

Propostas de accións normalizadoras

- Unha **campaña de potenciación e concienciación da lingua** dende un plano emocional. Elaboráronse uns trípticos con lemas e citas sobre a lingua. O IES Cidade de Antioquía confeccionou un tríptico máis informativo e viamos máis efectivo abordar dende outra óptica a campaña para non incorrer en repeticións.
- Unha **campaña de fomento da lectura** con folletos con lecturas recomendadas para todos os gustos.
- **Confección de vocabularios temáticos** que poidan ser usados polas persoas que rexentan os comercios.